

AS MISERIAS DE LÁZARO DE TORMES

Versión e Interpretación: Carlos Alba "Cellero"

Dirección escénica: Felipe Santiago

Tradución: Xavier Frías Conde

Deseño e realización de vestuario: Nati García

Deseño e técnico de iluminación: Carlos Dávila

Deseño de Cartel: Felipe Santiago, Vanessa Peña y Pedro Díaz

Gaita: Milín (Xuan Milio Prendes)

Asesoramento pedagóxico para Secundaria: Vanessa Peña

Fotografías: René Estébanez / Producción: ACostuBaxo Teatru

Realizacións: Alfonso Bretones y Fernando Flórez (carreta), Botería del Aguila (pelellos), Taller Légamo-Isabel Sánchez (cerámica), Dani Rozada (rabel), Vezos y Costumes (monteira e abarcas), PYM (carteis e programas)

Son de rabel: Tradicional

Lingua: Galego (ofrécese tamén en Asturiano e en Castelán)

Estrea: 4 de outubro de 2015 no Auditorio de A Veiga (Vegadeo).

(Estrea en asturiano: Teatru Xovellanos (Xixón) / 18 de outubro de 2012)

(Estrea en castelán: Teatro Filarmónica (Oviedo) / 17 de outubro de 2013)

Duración: 1 hora y 20 minutos (sen descanso)

Versión para centros educativos: 60 minutos (sen descanso)

Público preferente: Adulto / 13 – 18 anos (versión para Institutos de Ensino Secundario)

Fotografías en: <http://www.cellero.com/cast/juglaria/albumllazaro.html>

Vídeo completo en castelán: <http://www.cellero.com/cast/juglaria/llazaro.html#videos>

INFORMACIÓN SOBRE A COMPAÑÍA: www.cellero.com

“La vida de Lazarillo de Tormes y de sus fortunas y adversidades”, máis coñecida como el “Lazarillo de Tormes”, novela publicada no século XVI (ano 1554), e de autoría aínda descoñecida, é unha das obras cume da literatura castelá, que dá inicio ao xénero coñecido como novela picaresca.

Téntase manter o fondo popular e folclórico do orixinal, e mesmo a beleza da expresión lingüística. Lázaro de Tormes, quen no momento da representación é pregoeiro dos viños do Arcipreste de San Salvador, conta as súas “picardías” coa intención de xustificar a súa vida, pero fai tamén un retrato divertido da sociedade da súa época. A comicidade e a complicidade co público están presentes na montaxe, sen descoidar a calidade literaria do texto.

Lázaro, de oficio pregoeiro, é un tipo de palabra fácil e pousada, un “home de escena” emerxido do pobo.

O texto é unha crítica á sociedade española da súa época, composta sobre maneira por clases pasivas: o cego moinante, o crego, o fidalgo arruinado, o buldeiro, o aguacil, o arcipreste.

“Esta montaxe anhela transmitir, dun xeito sinxelo e natural, un mundo que inda recoñecemos catro séculos e medio despois. Achegar ao noso tempo e o noso espazo un texto que, malia a súa popularidade, pode ser un descoñecido”. Felipe Santiago

ORIXINALIDADE E FIDELIDADE AO CLÁSICO

A orixinalidade do espectáculo podería resumirse nos seguintes puntos:

- * En canto á versión, equilíbriase a importancia dos tres primeiros amos de Lázaro, o Cego, o Crego e o Escudeiro. Noutras versións resúmese moito todo o tocante a este último (quen en realidade poida que sexa o máis actual) en beneficio do Cego. Coas mesmas, cóidase que non se perda o conflito presente da obra: a relación que a muller de Lázaro ten co Arcipreste de San Salvador, que é a causa de que Lázaro “arranque” a contar a súa vida.
- * Tívoose especial coidado en reflectir os elementos lingüísticos e narrativos que o autor do Lazarillo tomou da cultura popular e dos contos tradicionais, por exemplo o sucedido da “casa escura”, do Tratado III.
- * Desde o punto de vista da escena y da escenografía, abórdase un afondamento na figura do pregoeiro, profesión de Lázaro de Tormes no intre de narrar a súa historia. O personaxe entra a escena cunha carreta, da cal vai tirando os elementos que necesita para a representación, e coa que, á cambiar de sitio, está a crear os distintos ambientes da obra. Como consecuencia

desta premisa escénica, a obra gaña en dinamismo.

* Lázaro de Tormes vai botar un pregón de cousas perdidas, e tamén unhas coplas sobre a súa vida e o seu concepto da picaresca, axudándose dun rabel. Daquela pescúdase e amplíase o uso da voz: non só coa palabra escénica, tamén mesmo con melopeas de pregón, canto de coplas e escenificacións dos distintos personaxes.

O resultado é unha montaxe ben diferenciada respecto de outras versións en unipersoais do Lazarillo de Tormes. (A máis coñecida, a de Fernando Fernán Gómez, interpretada por Rafael Álvarez El Brujo).

A LINGUA

“As miserias de Lázaro de Tormes” preséntase no galego oriental, na súa versión mais achegada ao galego común. Tómase como base a fala dos concellos asturianos de San Tirso de Abres y Taramundi, situados na fronteira ente o bloque oriental y o bloque central do galego. (Ver mapa en: <http://culturagalega.gal/pruebas/anofala/todas.php?bloque=Oriental>)

A tradución está feita por Xavier Frías Conde, profesor de lingua galega e de portugués na UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia), lingüista, escritor e un dos maiores estudosos do eonaviego o galego de Asturias. A tradución está pensada para poder facerse en toda Galicia, inda que pode consultarse coa compañía a posibilidade de facer o espectáculo no galego estándar.

Currículum e información sobre Xavier Frías Conde: http://portal.uned.es/portal/page?_pageid=93,22329023&_dad=portal&_schema=PORTAL
<https://www.innova.uned.es/webpages/xavierfriasconde/cv.html>

OBXECTIVOS

- * Achegar ao público os contidos do Lazarillo
- * Entreter e divertir cun texto clásico
- * Interpretar o Lazarillo desde unha tradición escénica popular e xograresca
- * Servir como introdución á tradición escénica do monólogo como fonte da que nace o teatro, como un só actor que conta unha historia e interpreta varios personaxes
- * No ámbito escolar, ofrecer unha actividade que sirva de apoio para as clases de lingua galega e mesmo para as de literatura castelá

CONTIDOS

- * Análise implícita da sociedade española do século XVI: mendicidade, pobreza, fame, dominio da Igrexa, a figura do fidalgo?
- * O pregoeiro como figura dramática

VERSIÓN

Na versión procúrase manter o fondo popular e folclórico do orixinal, e tamén a beleza da expresión lingüística. A idea que unifica todo o texto é que Lázaro está convencido e quere convencer ao público de que se achegou “aos bons” e de que está en “no cume da súa prosperidade e boa fortuna”. A realidade é que o oficio de pregoeiro tiña fama de ser de xente moi baixa e vil, e ademais el está casado cunha muller que se deita co Arcipreste de San Salvador. Desa tensión entre os pensamentos do personaxe e a realidade nace o fío condutor do monólogo.

ESCENOGRAFÍA E PROPOSTA ESCÉNICA

A escenografía baséase nunha carreta de madeira que levará Lázaro de Tormes ao xeito de “animal”, o que simboliza tamén a súa condición actual de home enganado. Ao ser Lázaro no presente escénico pregoeiro de viños, levará dentro da carreta un par de peellos (odres) de viño. Tamén o atrezzo que use para representar os distintos personaxes que poboan a súa historia: o pau do cego, a banqueta, elementos alusivos ao crego e o escudeiro. A presenza de tales obxectos xustifícase pola circunstancia de que Lázaro de Tormes ten tamén encomendado pregoar os obxectos perdidos polas rúas da cidade.

O sentido desta escenografía é funcional, de maneira que cada obxecto que se utiliza

queda xustificado polo oficio do personaxe. Daquela, escenografía e proposta escénica están unidas de a feito.

O obxectivo do personaxe é defenderse das xentes que murmuran sobre a súa honra porque aceptou casar coa criada, que é amante do Arcipreste, e que aguanta a situación a cambio de comida e agasallos.

As xentes que lle acusan diso están xunto ao público, por iso Lázaro principia o seu monólogo falando para eles. Conta a súa vida para que non lle xulguen no presente atendendo a todo o que sufriu no pasado. E aínda máis: para que no seu relato vexan que clase de personaxes miserábeis aparecen, se cadra peores que el.

O texto é unha crítica á sociedade española da súa época, composta maiormente por clases pasivas: o cego moinante, o crego, o fidalgo arruinado, o buldeiro, o aguacil, o arcipreste... na que se identifican elementos comúns á sociedade do século XXI, sobre maneira polas súas alusións á miseria e a crise social.

Lázaro, de oficio pegoiro, é un tipo de palabra fácil e repousada, un falanguero amigo dos contos. Esta característica afala a funcionalidade e versatilidade da presente montaxe, que se concreta en tres formatos:

- Versión para adultos en teatro á italiana. Será a máis importante, e tomámola de referencia para elaborar o presente dossier.
- Versión para Institutos de Ensino Secundario, tanto para teatro á italiana como para ser interpretada nos mesmos centros escolares.
- Versión para rúa, apoiándose nos elementos escenográficos e aproveitando as posibilidades que ofrece un personaxe de pegoiro para mesturar representación teatral e animación de rúa.

VESTIARIO

Reproduce a vestimenta da época, co engadido dalgún elemento do vestiario tradicional, como a monteira de la. Para o deseño do vestiario fízo-se unha investigación histórica da que se quitaron as seguintes ideas reitoras:

- * O tipo de vestimenta popular de mediados do século XVI caracterízase polo uso do liño e a la ou estameña, como tecidos, seguindo uns patróns de formas máis rectas que os actuais.
- * “A engurra abriga”. A roupa popular era ampla e o seu uso estaba máis supeditado á súa utilidade fronte ao frío e a calor que ao seguimento dunha determinada estética.
- * Uso de cores mate e de textura natural, sobre todo o pardo, o verde, o amarelo e o

granate.

- * Recuperación da monteira de la como vestimenta para o frío, elemento que ademais achega unha gran versatilidade para interpretar distintos personaxes: cego, crego e xogar.
- * Pobreza extrema nas clases populares de todas as zonas de España. Lázaro afirma que ata que non entrou a servir ao freire (o seu cuarto amo) non tivo uns zapatos.

Ademais, no propio texto do Lazarillo dánsenos “pistas” sobre como podería ir vestido o personaxe: afirma que en canto se viu cuns aforros comprou roupa usada, concretamente un xubón de “fustán”, un “sayo roído de manga trenzada” e unha capa “de pelo rizado”, aínda que fala dun momento que non coincide co presente escénico, no que di atoparse “no cume da miña prosperidade e boa fortuna”.

Faise, coas mesmas, un uso funcional dos elementos do vestiario: corno de pregoeiro, aguillada, cobertor... para representar con maior riqueza os personaxes que poboan o universo do “Lazarillo”.

DIRECCIÓN ESCÉNICA

Enmárcase no obxectivo de lograr unha montaxe limpa e con calidade, atractivo pero inserido na tradición interpretativa dos clásicos. Felipe Santiago é un dos actores fixos da compañía Morfeo Teatro Clásico, e dirixiu para Tragaleguas Teatro, compañía que traballa no punto no que se unen a tradición clásica e a popular (romances de cego, animación en festivais de teatro clásico).

O actor, Carlos Alba, achega ademais a súa capacidade para contar historias, para narrar, e o seu coñecemento da cultura popular e a música tradicional.

MÚSICA

Ademais das dúas pezas de gaita, tradicionais da zona galegófona de Asturias, que soan no principio e final da obra, en “Lázaro de Tormes” interprétase música en directo. Trátase dunha melodía tradicional tocada ao son do rabel, coa que o actor canta unhas coplas que comentan certas pasaxes da interpretación. Tamén se declama unha melopea de pregón, con apoio tonal no sobredito instrumento.

Tanto o uso da música interpretada en directo á maneira xograresca, como a utilización da figura do pregoeiro como punto de partida escénico, son dúas novidades achegadas por este espectáculo á xa dilatada historia das adaptacións de “El Lazarillo de Tormes”

Requirimientos técnicos mínimos para realización do
espectáculo:

Escenario 4 m ancho / 4 m de fondo

CRÍTICAS DA ESTREA EN ASTURIANO

La representación nel Teatru Xovellanos de Llázaro de Tormes, una adautación al asturianu de la famosísima obra del sieglu XVI (...) supunxo la consagración de Carlos Alba "Cellero" como actor d' amplísimu rexistru. (...) a lo llargo de la hora y media que dura l'espeutáculu, "Cellero" enllena l'escenariu col so bon facer. Un bon facer que comprende la voz, el xestu y l'espaciu escénicu. El testu asturianu préstase perfectamente pal llucimientu, evitando pallabres o espresiones que quiten frescor a la dicción, y emplegando un llinguax cenciellu que nun "rechina" nada na voz y la pallabra del personaxe.

"Un gran Cellero de Tormes", Trabayu de Campu. Vicente García Oliva, 18 de ochobre de 2012. (Medio on-line). Crítica a la versión en asturiano de la obra.

Magistral la versión de Carlos Alba "Cellero" en asturiano del Lazarillo de Tormes en el Teatro Jovellanos de Xixón. Éxito total para una interpretación del clásico del que se sacan sabrosas componendas del presente, en temas de racismo, en relaciones de poder, en la dignidad humana, de hipocresía clerical, con alusión directa a la crisis económica, a la intervención bancaria alemana, antes y ahora, a la ironía sobre la monarquía.

"España: el Lazarillo, Cellero y la crisis", Prensa Indígena, 18 de octubre de 2012. (Medio on-line)

DOSSIER DE PRENSA: <http://www.cellero.com/cast/articulos/llazaro.html>